

**INDIQUE A ACTIVIDADE  
NA QUE DESEXA INSCRIBIRSE**

- Día 27. As necesidades de conservación do río Mandeo**
- Día 28. II Encontro Galego de Custodia do Territorio**
- Día 29. Visita guiada ó bosque de Ridimoas**
- Día 30. Observación de aves**

Apelidos e nome.....

.....

NIF/DNI.....

Enderezo.....

.....

Código postal.....

Localidade.....

Teléfono.....

Profesión.....

Institución ou entidade.....

.....

Correo electrónico.....

Prazas limitadas. Para asistir pódese reservar praza enviando o boletín de inscrición a:  
[info@marinasbetanzos.org](mailto:info@marinasbetanzos.org) Tel.: 981 669 541

**iComparte transporte!**  
<http://www.compartamoscoche.com>

*Conforme á LOPD, a información recollida relacionada cos datos de carácter persoal non será utilizada para fins que non sexan os estritamente vinculados ao seu cometido, engadindo ademais a absoluta confidencialidade e exclusividade, quedando prohibida a calquera persoa a súa revelación, copia, distribución ou exercicio relacionado co seu contido.*

A custodia do territorio é unha fórmula de actuación a través da que propietarios e usuarios do territorio se implican na conservación e no uso dos valores e recursos naturais, culturais e paisaxísticos.



A Semana Europea da Custodia do Territorio, a celebrar do 28 de setembro ao 7 de outubro de 2012, é unha campaña cidadá que promove actividades en todo o territorio que dean a coñecer a importancia de avanzar neste tipo de actuacións.



# Semana de Custodia do Territorio nas Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo

Do 27 ó 30 de setembro de 2012



## ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO RURAL "MARIÑAS-BETANZOS"

San Marcos, s/n 15318 Abegondo  
Tel.: 981 669 541, Fax: 981 673 574  
[info@marinasbetanzos.org](mailto:info@marinasbetanzos.org)  
[www.marinasbetanzos.org](http://www.marinasbetanzos.org)

## FRAGAS DO MANDEO

Lg. Vilar de Costoia, nº123, Porzomillos  
15380 Oza dos Ríos  
Tel.: 981 105 903  
[correo@fragasdomandeo.org](mailto:correo@fragasdomandeo.org)  
[www.fragasdomandeo.org](http://www.fragasdomandeo.org)



Co obxectivo de fomentar as iniciativas de protección do territorio, dende a Asociación de Desenvolvemento Rural "Mariñas-Betanzos" xunto coa Fundación Fragas do Mandeo organízase a "Semana de Custodia do Territorio nas Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo", na que se desenvolverán diversas actividades (conferencias, xornadas e visitas de campo).

A Asociación de Desenvolvemento Rural "Mariñas – Betanzos" é unha organización sen ánimo de lucro constituída no ano 2008 coa finalidade de agrupar ás entidade interesadas en promover o desenvolvemento rural no territorio das Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo, xestionando actualmente o Programa LEADER 2007-2013.

Fragas do Mandeo é unha entidade non gubernamental (ONG) e non lucrativa (ONL) de carácter fundacional. Ten creado o fondo de conservación da natureza da comarca de As Mariñas, que lle permite adquirir fincas de interese natural para a protección dos hábitats prioritarios. Desta maneira, coidan a paisaxe e os bosques, asegurando un futuro para as especies de animais e plantas que conforman a biodiversidade destes ecosistemas.

## PROGRAMA

**Xoves, 27 de setembro**

### Conferencia sobre as necesidades de conservación do río Mandeo

Liceo de Betanzos. Pza Irmáns García Naveira (Betanzos)

#### 20:00 Inauguración

- **J. Antonio Santiso Miramontes.** Presidente da Asociación de Desenvolvemento Rural "Mariñas-Betanzos"
- **Fernando Bandín.** Presidente da Fundación Fragas do Mandeo
- **Ramón García Vázquez.** Alcalde de Betanzos

#### 20:10 As necesidades de conservación do río Mandeo

- **Fernando Cobo Gradín.** Director da Estación de Hidrobioloxía Encoro do Con. Universidade de Santiago de Compostela

**Venres, 28 de setembro**

## II Encontro Galego de Custodia do Territorio

Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo  
AC-542, Km. 8 – Abegondo

#### 9:00 Presentación da xornada

- **J. Antonio Santiso Miramontes.** Presidente da Asociación de Desenvolvemento Rural "Mariñas-Betanzos"
- **Juan Castro Insua.** Director do CIAM
- **Fernando Bandín.** Presidente da Fundación Fragas do Mandeo

#### 9:10 O fondo de conservación da natureza de As Mariñas

- **Fernando Bandín.** Presidente da Fundación Fragas do Mandeo

#### 9:30 Mesa da custodia: Oportunidades e condicionantes da custodia do territorio en Galicia

**Modera: Martiño Cabana.** Asociación Galega de Custodia do Territorio - Foro Estatal de Custodia do Territorio

#### Participan:

- **David Rodríguez Barra.** Vicepresidente da Asociación Cultural - Ecolóxica Ridimoas
- **Ramsés Pérez.** Coordinador de Educación Ambiental da Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galicia (ADEGA)
- **Rogelio Fernández Díaz.** Subdirector Xeral de Espazos Naturais e Biodiversidade. Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas
- **Rafael Crecente Maseda.** Profesor titular da Universidade de Santiago de Compostela - Director do Máster Xestión Sostible da Terra e o Territorio

#### 10:45 Mesa do mecenado: Puntos de encontro entre o mecenado e as entidades de custodia

**Modera: Fernando Bandín.** Presidente da Fund. Fragas do Mandeo

#### Participan:

- **Francisc Giró.** Director da ONG Fundación Acciónatura
- **María Sande Rodríguez.** Jefa Relaciones Externas Begano, S.A.
- **Teresa Porto.** Directora de Marketing de Novacaixagalicia
- **Antonio Cortés Lobato.** Director Xeral de Marketing Gadisa

#### 12:00 Pausa café

#### 12:30 Mesa de convenios: Avanzando na custodia en fincas de dominio ou titularidade públicos

**Modera: Carlos R. Silvar.** Fundación Fragas do Mandeo.

#### Participan:

- **Óscar Rivas.** Asociación Galega de Custodia do Territorio - Foro Estatal de Custodia do Territorio
- **Roberto Arias Sánchez.** Subdirector de Planificación e Proxectos de Augas de Galicia
- **Rafael Eimil Apenela.** Xefe da Demarcación de Costas de Galicia. Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente
- **Emilio Vázquez Salgado.** Delegado de Facenda en Galicia. Ministerio de Facenda e Administracións Públicas

#### 14:15 Peche da xornada

- **Fernando Bandín.** Presidente da Fundación Fragas do Mandeo
- **J. Antonio Santiso Miramontes.** Presidente da Asociación de Desenvolvemento Rural "Mariñas-Betanzos"

#### 14:30 Almorzo degustación

**Sábado, 29 de setembro**

### Visita Guiada ó bosque de Ridimoas (comarca do Ribeiro, Ourense)\*

**9:00 Saída en autocar.** Punto de encontro: piscina municipal de Betanzos (Avda. do Carregal, s/n). A visita estará guiada por Pablo Rodríguez, presidente da Asociación Cultural-Ecolóxica Ridimoas.

#### 19:00 Chegada a Betanzos

\* Custe da visita guiada: 5 €/visitante (Inclúe caderno de campo e un exemplar do último boletín da entidade)

**Domingo, 30 de setembro**

### Observación de aves na ría de Betanzos

**De 9:00 a 13:00 Observatorio ornitolóxico de Souto (Paderne).**

Observación e identificación de aves na ría de Betanzos acompañados de monitores especializados.